



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2016-17

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Fomentando a Ocupación a través das
Escolas Deportivas Inclusivas.**

Iria Romero Breijo

Setembro 2017

Fomentando a Ocupación a través das Escolas Deportivas Inclusivas

Thais Pousada García. Terapeuta Ocupacional e profesora do Grao en Terapia Ocupacional na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña

Andrea Alonso Cadavid. Terapeuta Ocupacional no Centro de Rehabilitación Integral Neurosens e presidenta do Colexio de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Índice

1. Resumo	6
1.1. Resumo e palabras clave	6
1.2. Resúmen y palabras clave	7
1.3. Abstract and keywords	8
2. Introducción.....	9
2.1. Contextualización da diversidade funcional	9
2.2. Infancia como etapa do ciclo vital	11
2.3. O papel da terapia ocupacional como promotor da saúde e da inclusión	12
3. Obxectivos.....	15
4. Metodoloxía	16
4.1. Tipo de estudo	16
4.2. Ámbito de estudo	17
4.3. Período de estudo	18
4.4. Criterios de inclusión e exclusión	18
4.5. Selección da mostra.....	19
4.6. Variables de estudo e instrumentos de medida	19
4.7. Procedemento.....	21
4.8. Consideracións éticas	24
4.9. Análise dos datos	25
5. Resultados.....	28
5.1. Resultados cuantitativos	28
5.1.1. Características da mostra e datos sociodemográficos.....	28
5.1.2. Resultados das etapas de desenvolvemento evolutivo.....	29
5.1.3. Resultados da avaliación de condutas non verbais	31
5.1.4. Resultados da avaliación de condutas verbais	37
5.1.5. Resultados da avaliación do test de Xogueteo Adaptado.....	40
5.1.6. Resultados secundarios de interese	42
5.2. Resultados cualitativos.....	42
6. Discusión.....	53
6.1. O valor dos datos: Interpretación da información cuantitativa.....	53
6.2. O valor das palabras: Análise da información cualitativa	55
6.3. Limitacións do estudo.....	58
6.4. Futuras liñas de investigación	59
7. Conclusión.....	60
8. Agradecementos	61
9. Bibliografía.....	64
10. Apéndices.....	72
10.1. Apéndice I. Cronograma	72
10.2. Apéndice II. Ferramentas de valoración.....	73
10.3. Apéndice III. Entrevistas inicial e final	78
10.4. Apéndice IV. Informe favorable do CAEIG.....	81
10.5. Apéndice V. Folla de información e consentimento informado	83
10.6. Apéndice VI. Táboas de resultados do Test de Xogueteo Adaptado.....	87

Índice de táboas

Táboa I. Criterios de inclusión e exclusión.....	18
Táboa II. Resultados da Guía Portage.....	29
Táboa III. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con Discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de distancia corporal).....	32
Táboa IV. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con Discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de contacto ocular)	33
Táboa V. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con Discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de contacto físico).....	34
Táboa VI. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con Discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de aparencia persoal)	35
Táboa VII. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con Discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de postura).....	36
Táboa VIII. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con Discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de expresión facial).....	37
Táboa IX. Resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Parte I).....	38
Táboa X. Resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Parte II).....	38
Táboa XI. Resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Parte III).....	39
Táboa XII. Resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Parte IV).....	39
Táboa XIII. Variables nas que existe mellora no test de Xogueteo Adaptado	41
Táboa XIV. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte I).....	87
Táboa XV. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte II).....	88
Táboa XVI. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte III).....	89
Táboa XVII. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte IV)	90

Táboa XVIII. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte V)	91
Táboa XIX. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte VI)	92
Táboa XX. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte VII)	93
Táboa XXI. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte VIII)	94
Táboa XXI. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte IX)	95
Táboa XXIII. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte X)	96
Táboa XXIV. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte XI)	97
Táboa XXV. Resultados do Test de Xogueteo Adaptado (Parte XII)	98

Abreviaturas

AOTA: Asociación Americana de
Terapia Ocupacional

CAEIG: Comité Autonómico de
Ética de Investigación de Galicia

CIF: Clasificación Internacional
do Funcionamento, da
Discapacidade e da Saúde

DC: Diario de campo

DS: Desviación típica

EF: Entrevista final

EI: Entrevista Inicial

I: Investigadora principal

IGE: Instituto Galego de
Estatística

Ir: Irmán

M: Media

ONU: Organización das Nacións
Unidas

P: Proxenitor

TO: Terapia Ocupacional

TOP: Táboa de observación e
planificación

U: Usuario

WFOT: Federación Mundial de
Terapeutas Ocupacionais

1. Resumo

1.1. Resumo e palabras clave

Introdución: A discapacidade é unha condición que pode influír no desempeño e participación nas ocupacións das persoas en todas as etapas da vida, especialmente na infancia. Dende terapia ocupacional, a intervención nesta etapa vital está centrada no xogo, polo que se plantea a actividade deportiva, lúdica e inclusiva coma unha alternativa para a mellora do seu desenvolvemento.

Obxectivos: Determinar o potencial terapéutico dun programa de deporte inclusivo e lúdico en diferentes áreas da vida dos menores con e sen diversidade funcional, e explorar as expectativas dos pais respecto á participación na actividade e os seus resultados na vida diaria.

Metodoloxía: Estudo lonxitudinal, analítico de serie de casos cunha metodoloxía mixta. A mostra está formada polos nenos participantes nas Escolas Deportivas e os seus pais. Os datos foron obtidos mediante observación participante, con ferramentas de avaliación estandarizadas, e entrevistas aos pais. Desenvolveuse unha intervención baseada no xogo e actividade física durante 8 meses, dúas veces á semana. A obtención de resultados realizouse cunha avaliación post-intervención.

Resultados: A análise dos datos pre e post-intervención obtidos coas ferramentas de avaliación amosan unha mellora nas diferentes áreas da vida dos nenos, así como un achegamento ás percepcións sobre a actividade das diferentes familias segundo as súas expectativas.

Conclusión: A participación nas Escolas Deportivas ten un efecto positivo no desenvolvemento, xogo e habilidades de comunicación dos nenos, contribuindo á participación activa e inclusión. A experiencia é percibida como positiva polos pais, que ven cumpridas as súas expectativas.

Palabras clave: Terapia Ocupacional, deporte inclusivo, actividade física, ocio, participación social.

1.2. Resumen y palabras clave

Introducción: La discapacidad es una condición que puede influir en el desempeño y participación en las ocupaciones de las personas en todas las etapas de la vida, especialmente en la infancia. Desde terapia ocupacional, la intervención en esta etapa vital está centrada en el juego, por lo que se plantea una actividad deportiva, lúdica e inclusiva como una alternativa para la mejora de su desarrollo.

Objetivos: Determinar el potencial terapéutico de un programa de deporte inclusivo y lúdico en diferentes áreas de la vida de los menores con y sin diversidad funcional, y explorar las expectativas de los padres respecto a la participación en la actividad y sus resultados en la vida diaria.

Metodología: Estudio longitudinal, analítico de serie de casos con una metodología mixta. La muestra está formada por los niños participantes en las Escuelas Deportivas y sus padres. Los datos fueron obtenidos mediante observación participante, con herramientas de evaluación estandarizadas, y entrevistas a los padres. Se desarrolló una intervención basada en el juego y la actividad física durante 8 meses, dos veces a la semana. La obtención de resultados se realizó con una evaluación post-intervención.

Resultados: El análisis de los datos pre y post-intervención obtenidos con las herramientas de evaluación muestran una mejora en las diferentes áreas de la vida de los niños, así como un acercamiento a las percepciones sobre la actividad de las diferentes familias según sus expectativas.

Conclusión: La participación en las Escuelas Deportivas tiene un efecto positivo en el desarrollo, juego y habilidades de comunicación de los niños, contribuyendo a la participación activa e inclusión. La experiencia es percibida como positiva por los padres, que ven cumplidas sus expectativas.

Palabras clave: Terapia Ocupacional, deporte inclusivo, actividad física, ocio, participación social.

1.3. Abstract and keywords

Introduction: Disability is a condition that could influence in the occupational performance and participation of people at each stage of life, especially in childhood. From occupational therapy's perspective, the intervention in this stage is focused in play, so doing sport, as a playful and inclusive activity, is proposed like an alternative to improve their development.

Objectives: To determine the therapeutic strength of an inclusive and recreational sport program in different areas of life of children, with and without functional diversity, and to explore the expectations from parents regarding participation in the activity and its results in daily life.

Methodology: Longitudinal, analytical study of case series, with a mixed methodology. The sample is formed by the children participating in the "Sports Schools" and their parents. The data were obtained through participant observation, with standardized assessment tools, and with interviews to the parents. An intervention based on play and physical activity was developed for 8 months, twice a week. The results were obtained with a post-intervention evaluation.

Results: The analysis of data from pre and post intervention data obtained with assessment tools show an improvement in the different areas of the children's, as well as an approach to the perceptions about the activity from families according to their expectations.

Conclusions: Participation in "Sport Schools" has a positive effect on children's development, play and communication skills, contributing to active participation and inclusion. The experience is perceived like a positive one by the parents, who have fulfilled their expectations.

Keywords: Occupational Therapy, inclusive sport, physical activity, leisure, social participation.

2. Introducción

2.1. Contextualización da diversidade funcional

Segundo a Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (CIF) (1), a discapacidade enténdese como “termo xenérico que inclúe déficit, limitacións na actividade e restricións na participación. Indica os aspectos negativos da interacción entre un individuo (con unha condición de saúde) e os seus factores contextuais (factores ambientais e persoais)”. É dicir, é un termo dinámico no que non interveñen soamente as limitacións da persoa, se non que tamén considera os elementos do seu contorno, destacando a influencia das barreiras que presenta o medio para o desempeño das actividades da vida diaria (2)(3).

Ao longo da historia, as persoas con diversidade funcional non foron recoñecidas polas súas capacidades e habilidades, se non que a súa condición era considerada como un castigo divino, culpando á persoa, sen promover a súa inserción na comunidade. Eran escondidos polas súas familias e desprezados pola sociedade en xeral, chegando incluso ao seu sacrificio (4). Esta concepción foi cambiando, xerándose posteriormente, un enfoque paternalista, no que se consideraba ás persoas con discapacidade como “enfermos sen capacidade de funcionar”. Ante esta debilidade, pretendíase dar coidados e protección, e corrixir os déficits e limitacións sen ter en conta a autonomía, necesidades e motivacións das persoas (4). Co paso do tempo e o avance da sociedade, chegouse a un modelo social no que xa non se equipara a discapacidade á enfermidade (5), e se empregan medidas para conseguir a inclusión social das persoas (6), tendo en conta os seus dereitos. O enfoque da discapacidade na actualidade, depende de diferentes factores como os históricos, os culturais e os persoais (2)(5), e para modificalo débense promover cambios sociais e políticos (6), tendo en conta que a discapacidade é un dos factores de risco máis altos para a exclusión social no noso país (7).

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), a poboación galega no 2016 era de 2.718.525 (8). A enquisa de poboación con discapacidade, por grupos de idade en Galicia do IGE do ano 2015, indica que o seu número na Comunidade Autónoma era de 206.417, o que equivale a un 7,5% da poboación (9). Dentro destas cifras, 3.893 (1,88%) son nenos menores de 16 anos (9). No municipio da Coruña, o número de persoas no ano 2016 era de 1.122.799 (10) dos que 27.628, é dicir, un 2,46% teñen discapacidade (non se atopan datos referidos por grupos de idade)(11).

2.2. Infancia como etapa do ciclo vital

É necesario destacar que a principal ocupación durante a infancia é o xogo(12), sendo de gran importancia na vida dos nenos para desenvolverse con plenitude(13).

No artigo có título “Nuevas tecnologías aplicadas al ocio terapéutico”, Zaragoza Martín R, Costa Ferrer M, Rando Hernández N, Yáñez Fernández M (14), falan de que diferentes autores coma Freud, Vygotsky e Piaget, destacan a importancia do xogo na infancia como medio de aprendizaxe e de intervención, co que se promove a saúde, a autonomía e se produce o mantemento do apoio social. Ademais, contribúe no proceso de desenvolvemento humano, xa que permite ir adquirindo comportamentos cada vez máis complexos. O xogo posibilita aos nenos relacionarse coa realidade, dentro da súa capacidade de interpretación da mesma, e os seus diversos tipos están estreitamente relacionados coa etapa evolutiva dos nenos (13). Segundo a clasificación de Piaget reflexada no capítulo de “Desarrollo social y juego infantil” do libro de Begoña Polonio “Terapia Ocupacional en la infancia: Teoría y práctica” (15), o xogo vaise modificando segundo as fases de desenvolvemento. Na primeira etapa da vida, o xogo baséase na exploración sensorial, motora e do entorno: Os bebés xogan movendo as mans e agarrando diferentes obxectos, e a medida que medran, estes xogos van modificándose na súa complexidade e execución cara xogos de ficción ou

simbólicos para dar paso aos xogos regrados e finalmente aos xogos en equipo ou deportes. Esta evolución é independente da cultura, pero os xogos nos que participan os nenos si que están vinculados ás súas raíces culturais (13). Seguindo o que se reflexa no artigo “El juego es un derecho y una necesidad de la infancia” (13), para Bruner, o xogo é o principal medio de socialización e transmisión cultural na infancia. Linaza Iglesias (13) tamén fala das observacións de Roopnarine, Johnson e Hooper nos seus estudos, onde din que xogo está directamente relacionado cos valores, tradicións, rituais, etc., propios da cultura na que se desenvolven como resultado da participación na sociedade, sobre todo en relación ás vivencias no entorno máis próximo.

É importante destacar que o xogo é espontáneo e conducido polas motivacións e intereses dos nenos (15), polo que cando existe un control externo por parte dos adultos, os nenos perden o seu rol protagonista dentro do mesmo, e por conseguinte, o xogo xa non tería a súa connotación como tal (13) (15).

A práctica deportiva ou o desenvolvemento de actividades físicas regradas, constitúe un tipo de xogo que non soamente proporciona os beneficios intrínsecos da actividade lúdica en si mesma, se non que tamén propician a adquisición de responsabilidades e capacidades (como a negociación e o consenso) que non se adquiren nos xogos nos que se participa de forma individual(13)(16). Por iso, son tamén destacables os beneficios respecto á creación de hábitos e rutinas saudables, á saúde física (17) e psicolóxica, fomentando a participación social e a inclusión (16), entendendo esta última como o resultado de que “algo ou alguén pase a formar parte ou sexa membro de algo” (18). Polo tanto, a través do xogo e da práctica deportiva, pódese fomentar que as persoas con discapacidade formen parte da comunidade, calquera que sexa, con iguais dereitos que as demais persoas que forman parte da mesma.

Considérase importante destacar, que na bibliografía consultada atopáronse referencias que confirman os beneficios da realización de

actividade física para a mellora e mantemento da saúde (19), e a pesar de que os documentos atopados sobre a inclusión a través do deporte son escasos, Carmen Ocete, Javier Pérez-Tejero e Javier Coterón (20) apreciaron a necesidade da inclusión no medio escolar, polo que desenvolveron o proxecto “Propuesta de un programa de intervención educativa para facilitar la inclusión de alumnos con discapacidad en educación física”. Por outra banda, o estudo “Diseño y aplicación de un programa de intervención de práctica deportiva inclusiva y su efecto sobre la actitud hacia la discapacidad: El Campus Inclusivo de Baloncesto” (21) respalda a idea da necesidade deste tipo de intervencións, porque ademais da necesidade de conseguir unha sociedade inclusiva, resulta fundamental garantir o acceso de todas as persoas a todos os servizos. Isto débese a que os nenos con discapacidade pasan menos horas realizando actividades físicas e de ocio en comparación cos seus iguais sen discapacidade (22).

2.3. O papel da terapia ocupacional como promotor da saúde e da inclusión

Segundo a Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT), a terapia ocupacional (TO) é “unha disciplina sociosanitaria centrada na saúde das persoas e que ten como principal obxectivo capacitalas para participar nas actividades da vida diaria a través da ocupación” (23).

Así, o terapeuta ocupacional non traballa dende unha perspectiva rehabilitadora, se non como promotor da inclusión e a participación de todos dende a perspectiva do paradigma social, que entende a ocupación como un aspecto comunitario, con influencia en diferentes factores sociais como poden ser o económico, o político, o sanitario, cultural, etc (24).

O terapeuta ocupacional non debe traballar soamente coa persoa de forma individual, senón que debe afondar no rol de articulador social, creando espazos inclusivos para que todos os interesados, teñan ou non discapacidade, poidan participar en igualdade (25).

A WFOT (26) tamén promulga que os profesionais de terapia ocupacional traballen con todos os grupos etarios, tanto nas áreas físicas coma psicosociais; xa sexa en hospitais, clínicas, centros de día e de rehabilitación, escolas especiais e empresas privadas entre outros.

Na convención sobre os dereitos dos nenos de 1989 da Organización das Nacións Unidas (ONU) (27), recoñécense os dereitos dos nenos para desenvolverse de xeito seguro, á protección, vida digna, educación, etc. Especificamente, no Artigo 23 deféndese o dereito dos nenos e nenas con algún tipo de discapacidade a desfrutar dunha vida plena e en condicións de seguridade e dignidade, facilitando a súa participación.

Ademais, os dereitos humanos (28) declaran a liberdade e igualdade de dereitos entre todas as persoas sen distinción por sexo, raza, idade, nin calquera outra razón. Desde terapia ocupacional é necesario traballar a favor do cumprimento dos mesmos en todos os ámbitos de actuación onde se desenvolva a práctica profesional (25).

Dende esta disciplina, trabállase a través das ocupacións, sendo o xogo, como xa se comentou, unha das máis importantes na etapa infantil. Pero ademais, existen outras áreas de ocupación que é imprescindible ter en conta, tal e como se describen no Marco de Traballo da Asociación Americana de Terapia Ocupacional (AOTA) (29), destacando tamén o ocio e a participación social.

O ocio defínese como “unha actividade non obrigatoria que está intrinsecamente motivada e na cal se participa durante un tempo discrecional ou libre, é dicir, un tempo non comprometido con ocupacións obrigatorias tales como traballo, coidado propio ou durmir”, e a participación social como “patróns de comportamento organizados que son característicos e esperados de un individuo ou de unha posición determinada dentro dun sistema social” (29).

Ademais de empregar o xogo como medio e fin, é importante intervir dende as áreas de ocio e participación social, xa que non se entende, de

xeito integral, ao ser humano sen a contemplación das mesmas, ademais do importante beneficio que o desenvolvemento deste tipo de actividades ten na calidade de vida (30).

A TO, tal e como se explica no posicionamento da WFOT sobre educación inclusiva (31), ten que tratar de empregar os recursos precisos para fomentar o desenvolvemento do potencial dos individuos, capacitándoos para procurar eliminar a discriminación en todas as súas formas.

Có fin de levar a cabo unha actividade de ocio e deportiva que promova a inclusión, xa que non se coñecen recursos que oferten actividades de estas características, o Club Deportivo Enki oferta as denominadas “Escolas Deportivas Municipais Inclusivas”, ofrecendo a oportunidade a que todos os nenos e nenas poidan participar tendo ou non discapacidade. As súas sesións son levadas a cabo por un monitor deportivo e có respaldo dunha terapeuta ocupacional.

Entre as competencias do terapeuta ocupacional podemos atopar “traballar en colaboración con individuos e grupos có fin de participar activamente na ocupación a través da promoción da saúde, a prevención, a rehabilitación e o tratamento”, “utilizar o razoamento ético e profesional de forma eficaz a través do proceso de terapia ocupacional”, “empregar o potencial terapéutico da ocupación a través do uso da síntese e análise da ocupación e da actividade”, “traballar para facilitar un entorno accesible e adaptado e para promover a xustiza ocupacional”, “colaborar coa comunidade para promover a saúde e o benestar dos seus membros a través da súa participación na ocupación”, entre outras (32).

Por todo isto considérase imprescindible a figura do terapeuta ocupacional nas Escolas Deportivas avaliando aos nenos, as súas necesidades e fortalezas, adaptando as actividades propostas polo monitor deportivo, dando pautas ás familias e promovendo a inclusión entre os participantes.

3. Obxectivos

Por todo o exposto anteriormente, formulouse un obxectivo xeral, a partires do cal se desenvolveron tamén diferentes obxectivos específicos que guiaron a realización de este traballo.

- Obxectivo xeral:
 - Analizar e determinar o posible potencial e efecto terapéutico dun programa de deporte inclusivo e lúdico, sobre o proceso de desenvolvemento dos nenos con e sen diversidade e sobre a súa participación activa.
- Obxectivos específicos:
 - Cuantificar a mellora nas áreas de desenvolvemento nos nenos con e sen diversidade.
 - Determinar se a práctica deportiva e do xogo contribúe na mellora das habilidades de conducta social dos nenos con e sen diversidade.
 - Analizar e concretar posibles melloras na exploración e realización do xogo dos nenos participantes.
 - Explorar e concretar as expectativas dos pais en canto ao potencial da súa participación nas escolas deportivas inclusivas.
 - Determinar o coñecemento previo dos pais dos menores sobre a figura do terapeuta ocupacional e o seu valor potencial no desenvolvemento do proxecto.
 - Determinar a contribución da práctica do xogo e deportiva nos no establecemento e consolidación de hábitos e rutinas dos infantés.

4. Metodoloxía

4.1. Tipo de estudo

Para a realización de este traballo plantexouse un deseño lonxitudinal, analítico de serie de casos.

Para o desenvolvemento deste estudo seleccionouse unha metodoloxía mixta. A parte cuantitativa, baseada na obtención de resultados procedentes a partir de métodos estatísticos ou mediante algún tipo de cuantificación (29), contempla a obtención e análise de datos procedentes da aplicación de diferentes escalas de valoración, que permite obter resultados obxectivos e cuantificables, pretendendo ser extrapolables a situacións que cumpran cos criterios especificados.

A vertente cualitativa, pretende dar lugar a novos coñecementos a través da comprensión e interpretación da realidade, as accións e os significados das persoas (33). Este tipo de análise permite completar a información, contribuíndo a obter maior rigor nos datos obtidos, e poder acadar os obxectivos plantexados. O desenvolvemento desta metodoloxía realizouse para complementar a información obtida cos resultados cualitativos, e desenvolveuse á par de todo o traballo de campo, para o que se levaron a cabo entrevistas semiestructuradas aos pais como método de recollida de datos, e que pretenden coñecer a súa perspectiva en referencia á actividade e as súas expectativas así como a súa percepción sobre diferentes aspectos en relación aos nenos. Esta información foi complementada coa información recollida nun caderno de campo, no se que describiu información referente ás sesións.

Este traballo levouse a cabo cun deseño fenomenolóxico dende a perspectiva de Van Manen, no que a importancia da investigación recae na experiencia subxectiva dos individuos para o coñecemento (33).

4.2. **Ámbito de estudo**

Tanto a recollida dos datos como a propia intervención tiveron lugar no Complexo deportivo municipal de Arteixo e a análise dos mesmos realizouse no Campus de Oza da Universidade de A Coruña. A investigación estivo vinculada á actividade “Escolas Deportivas Inclusivas”, desenvolvida polo Club Enki en colaboración co concello de Arteixo.

O Club Enki é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo facilitar o acceso ao deporte a persoas con diversidade funcional, sobre todo no caso dos menores de idade, e promover a inclusión na práctica deportiva (34). Desde o club lévanse a cabo 4 proxectos diferentes:

- Escola deportiva inclusiva: Na que se enmarca este traballo, que ten como obxectivo ofrecer unha actividade extraescolar para nenos, con e sen discapacidade, promovendo a súa iniciación na práctica deportiva, dende unha perspectiva inclusiva (34).
- Escola de pais/nais: Esta actividade está dirixida ós pais e nais dos nenos que participan na escola deportiva inclusiva, e ten como obxectivo proporcionarlles aos proxenitores un tempo de respiro e ocio deportivo (34).
- Club do corredor Enki: Participan deportistas con e sen discapacidade, e ten como fin, a creación dun club deportivo, ben dirixido tecnicamente (34).
- Deportistas adaptados: Dirixido especificamente a persoas deportistas con discapacidade, tendo como obxectivo normalizar o deporte adaptado, a eliminación de barreiras e defender o acceso ao deporte e o dereito á competición (34).

A entrada ao campo realizouse polo coñecemento do club a través dunha colaboración de voluntariado coa entidade: xornada de presentación do propio club e das escolas deportivas, en outubro de 2016. Posteriormente,

contactouse coa directiva do club para propoñer a idea do traballo, obtendo a súa autorización e plantexando o traballo de campo coa elaboración das follas de información para os participantes.

4.3. Período de estudo

Este traballo tivo unha duración de 10 meses, dando comezo en novembro de 2016 coa búsqueda bibliográfica, contando con 8 meses de intervención e rematando en agosto de 2017 coa análise dos resultados obtidos (Ver cronograma no Apéndice I).

4.4. Poboación de estudo

A poboación elixida para o estudo definiuse coa determinación duns criterios de inclusión, cos correspondentes criterios de exclusión. A súa proposta estivo motivada, á propia realización da actividade deportiva. Neste caso, a poboación estudiada estivo formada polos nenos e nenas participantes nas escolas deportivas inclusivas, por unha banda, e os pais ou representantes legais destes, por outra. A continuación desglósanse ditos criterios para ámbolos dous grupos.

Táboa I. Criterios de inclusión e de exclusión

<u>Criterios de inclusión</u>	
<i>Nenos</i>	<i>Pais</i>
Nenos e adolescentes de ata 18 anos	Pais dos nenos participantes nas escolas deportivas
Participantes nas escolas deportivas inclusivas organizadas por ENKI	Pais cunha asistencia continua e activa ás sesións
Asistencia continua e activa ás sesións	

<u>Criterios de exclusión</u>
Pais e nenos participantes nas escolas deportivas que unha vez se lles proporcione a información completa non dean o seu consentimento ó estudo

4.5. Selección da mostra

En base ás especificacións definidas, realizouse un mostreo intencionado, no que todos os nenos e pais participantes na actividade e que cumprían os criterios de inclusión foron invitados a participar no estudo e seleccionados en base ó seu acordo.

O tamaño da mostra ven determinado por tanto, polo número de nenos que participan na actividade.

4.6. Variables de estudo e instrumentos de medida

En liña coa consecución dos obxectivos plantexados, e en relación ó deseño cuantitativo, establecéronse certas variables a investigar, e determináronse os instrumentos de medida e forma de recollida das mesmas.

Así, e con respecto á poboación infantil recolleuse información sobre as seguintes características:

- Idade
- Sexo
- Procedencia (rural ou urbana)
- Escolarización (convencional, especial ou mixta)
- Desenvolvemento: Idade cronolóxica e nivel de desenvolvemento real, establecido segundo as áreas da Guía Portage (35)
- Comunicación: Actitude fronte a comunicación, manexo da comunicación, aspectos da comunicación non verbal.

Para a recollida de información destas variables, aplicáronse varias ferramentas estandarizadas de valoración observacionais, que se describen a continuación (pódense ver no Apéndice II):

- Guía Portage do Desenvolvemento (Portage Guide) (35): É unha ferramenta de valoración observacional que mide o desenvolvemento dos nenos. Para isto ten unha táboa de

observación e planificación (TOP), que se divide en 6 rangos de idade diferentes que van do nacemento a 9 meses, de 9 a 18, de 18 a 36, de 3 a 4 anos, de 4 a 5 e de 5 a 6. En cada rango de idade valóranse 5 ítems (Comunicación/linguaxe/lectoescritura, desenvolvemento socio-emocional, exploración/aproximacións cara a aprendizaxe, actividade motriz intencional e organización sensorial) e en cada un deles valóranse diferentes aspectos que se considera que deben estar adquiridos na idade cronolóxica na que se atopa o neno e márcanse na táboa con un “✓” en caso de que a conduta se mostre sempre ou constantemente, cun “O” cando a conduta se mostre ocasionalmente ou cun “N” cando non se observe a conduta ou o neno non a poida realizar.

- Test de Xoqueo Adaptado de Bundy (Test of Playfulness) (36): É unha valoración observacional do xogo que se pode realizar a nenos de entre 15 meses a 10 anos. Estúdanse 24 ítems ou condutas durante o xogo dos que se valoran 3 aspectos diferentes: Duración, intensidade e habilidade. A duración puntúase: 3- case sempre, 2- frecuentemente, 1- ocasionalmente e 0- rara vez ou nunca/ non aplicable; a intensidade: 3- alta, 2- moderada, 1- leve e 0- non/non aplicable; e a habilidade: 3- altamente hábil, 2- moderadamente hábil, 1- lixeiramente hábil e 0- non ten habilidade/non aplicable.
- Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (37): Consiste nun cuestionario observacional que pretende valorar aspectos da conduta non verbal das habilidades sociais. Valora 6 ítems (Distancia corporal, contacto ocular, aparencia persoal, postura e expresión facial), dentro das cales se estudan 4 condutas diferentes. Cada unha ten 4 posibles respostas segundo a presentación da conduta a estudar (Si, non, a veces e non observable). As diferentes condutas a valorar poden estar alterados en persoas con discapacidade.

- Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (38): Consiste nun cuestionario observacional que valora as condutas verbais. Valora 12 ítems (Inicia a comunicación, mantén a comunicación, finaliza a comunicación, expresa sentimentos, realiza peticións, responde ás peticións de outros, da unha negativa ou di que non, acepta unha negativa, sabe escoitar de maneira activa, descúlpase, segue instrucións e participa nas actividades) segundo a conduta apareza ou non valórase con “si”, “non” e “non observable”, e hai un apartado de observacións. Neste apartado valóranse tamén unhas habilidades que deben estar adquiridas previamente (contacto ocular, distancia física, orientación corporal e contacto físico) e serán especificado no apartado de observacións no caso de presentar déficits en algunha delas. As diferentes condutas a valorar poden estar alterados en persoas con discapacidade.

Por outra parte, e en liña coa metodoloxía cualitativa, plantexouse a elaboración dun guiión de entrevista semiestructurada inicial e final, (incluídas no Apéndice III), dirixidas aos pais dos nenos/as participantes. Con esta ferramenta tratáronse de explorar as súas expectativas con respecto á participación dos seus fillos na actividade, así como completar a información sobre nenos. Ademais levouse a cabo a realización dun caderno de campo no que se recolleu información sobre as sesión, como as diferentes actividades realizadas, o funcionamento das mesmas e a actitude dos nenos en cada sesión dende a perspectiva da investigadora como observador participante.

4.7. Procedemento

A realización de este traballo dividiuse en varias etapas consecutivas. O comezo do traballo tivo lugar en novembro de 2016 cunha búsqueda bibliográfica relacionada có ámbito de estudo na que se contextualizou o traballo no ámbito da infancia e se buscou información sobre a situación actual da discapacidade e da inclusión, ademais da búsqueda de

ferramentas de valoración. Á vez, produciuse a entrada ao campo có comezo das Escolas Deportivas.

O seguinte paso foi o contacto cos pais dos nenos, coa conseguinte explicación do traballo para obter os consentimentos informados e poder así comezar a recoller información sobre os nenos. Neste momento comezaron a realizarse as observacións dos participantes na actividade.

Posteriormente realizáronse as avaliacións iniciais dos nenos así como as entrevistas aos pais, continuaron as observacións e fixéronse as avaliacións e entrevistas finais, no período correspondente de decembro de 2016 ata maio de 2017

O traballo rematou coa análise e interpretación de resultados e a extracción de conclusións.

Así, o traballo de campo, correspondente ao período máis amplo, dividiuse en tres partes: Valoración inicial, intervención e valoración final.

- Avaliación inicial

Realizouse unha primeira valoración para coñecer o estado inicial dos nenos e coñecer diferentes aspectos da súa vida. Esta avaliación levouse a cabo mediante unha entrevista aos pais dos nenos na que se recollen diferentes aspectos da vida dos nenos e en relación coa actividade, e coa valoración do Sensory Profile (39).

Nesta parte tamén se utilizaron as diferentes ferramentas de valoración comentadas anteriormente, as cales foron cubertas a través de observación participante.

- Intervención

As sesións tiveron lugar nunha sala das dependencias da piscina durante 1 hora ó día, de 17:30 a 18:30, 2 días por semana (martes e xoves).

Fomentando a Ocupación a través das Escolas Deportivas Inclusivas

O espazo físico no que se desenvolveu a actividade é unha sala que se atopaba na planta baixa da piscina, cunha das paredes cuberta na súa totalidade por espellos, outra de cristal coa que se pode ver o interior do edificio, e outra con ventás que permiten a vista á rúa. Ademais, a sala conta cun almacén para gardar o diferente material dispoñible para as actividades.

Todas as sesións tiñan unha mesma dinámica xeral programada:

- Chegada á aula e saúdo: Os nenos ían chegando á aula na que se realiza a actividade na que os monitores se atopaban previamente agardando, entraban todos xuntos e saudábanse entre eles e aos diferentes monitores da actividade.
- Quentamento: En primeiro lugar realizábanse actividades enfocadas ao quentamento como mobilización de articulacións ou circuítos.
- Xogos: Levábanse a cabo diferentes xogos e actividades dependendo das propostas do monitor e das preferencias e apetencias dos nenos nese día.
- Recollida do material e despedida: Entre todos os nenos e coa axuda dos monitores, recollían o material utilizado durante a sesión, despedíanse dos monitores e dos demais nenos e saían do aula para reunirse cós pais.

Os diferentes xogos e actividades eran elixidos polos nenos o mesmo día da sesión ou nos días previos, nos que verbalmente manifestaban diferentes preferencias, ou escollían entre diferentes propostas ofertadas polos monitores.

Dentro das competencias da terapeuta ocupacional nestas sesións, atópanse a de adaptación e gradación das actividades propostas polo profesional deportivo para que todos os nenos poidan participar, ademais de desenvolver o rol de axente que promova a participación social de todos os asistentes e a inclusión.

- Valoración final

Pasáronse de novo algunhas das ferramentas de valoración da avaliación inicial (o test de xogueteo, a guía portage e os cuestionarios de comunicación) e a entrevista aos pais para comprobar se se produciran cambios.

O traballo de campo seguiu-se da análise dos datos conforme á validación dos obxectivos plantexados e para a extracción das conclusións do traballo.

4.8. Consideracións éticas

Para a realización deste traballo solicitouse a avaliación do mesmo polo Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia (CAEIG), que aprobou o desenvolvemento do mesmo (Apéndice IV).

Redactouse unha folla de información que foi entregada aos pais/titores legais dos nenos participantes na que se atopa toda a información referente ao estudo en desenvolvemento (Apéndice V) e converxouse con eles para explicar e resolver todas as dúbidas sobre o estudo. Despois entregóuselles tamén o consentimento informado que todos firmaron previamente á recollida dos datos (Apéndice V).

Durante a realización de este traballo respectáronse a Declaración de Helsinki (40), a Convención de Dereitos Humanos e Biomedicina do consello de Europa (41) e cumpriuse coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (42), pola que só o equipo investigador, que ten deber de gardar a confidencialidade, tivo acceso a todos os datos recollidos polo estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poida ser identificada.

Os datos foron recollidos e conservados até rematar o estudo codificados, que quere dicir que posuían un código co que o equipo investigador podía coñecer a quen pertencen. Ao rematar o estudo os datos foron anonimizados.

4.9. Análise dos datos

Análise cuantitativo

Os datos foron recollidos e analizados co programa SPSS v20 para Windows. Primeiramente, realizouse unha análise descritiva das características consideradas. As variables cuantitativas exprésanse como media (M) \pm desviación típica (SD). As variables categóricas formuláronse coa súa frecuencia absoluta e porcentaxe válida. Aplicouse o test de Kolmogorov-Smirnov comprobando que as variables non se comportan como distribución normal, polo que se optou pola aplicación de probas non paramétricas.

Para valorar a asociación das variables cualitativas, aplicouse a razón de verosimilitudes, xa que as frecuencias observadas son inferiores ó 5%. No caso da asociación das variables cuantitativas e categóricas, realizouse unha comparación de medias coa proba U de Mann Whitney ou Kruskal Wallis, segundo corresponda.

No caso da análise dos resultados obtidos das escalas pre e post-intervención, e tendo en conta o reducido tamaño da mostra, a súa distribución (non normal), e que algúns ítems tiñan frecuencias inferiores ó 5%, non foi posible a aplicación dun test estatístico para facer un tratamento coherente dos datos. Por iso, optouse por realizar unha análise independente de cada ítem das escalas empregadas, e para cada participante, determinando se houbo ou non algún cambio destacado (positivo ou negativo) en cada un deles.

Análise cualitativa

Pola outra banda, a análise de datos cualitativa estivo baseada no estudo das entrevistas iniciais e finais realizadas aos pais dos menores participantes, analizando de forma individual todas as preguntas incluídas nas mesmas e extraendo a información máis importante de cara á realización desta investigación.

Para a realización desta análise levouse a cabo a transcripción das entrevistas realizadas aos proxenitores. Posteriormente procedeuse á análise dos discursos e á extracción das diferentes categorías emerxentes, acompañándoas de verbatim e anotacións do diario de campo.

É importante garantir a calidade da investigación cualitativa, polo que se considera necesario cumprir unha serie de criterios xerais como (43):

- Adecuación teórico-epistemolóxica: Pódese definir como a adecuada relación entre a pregunta de investigación e o problema plantexado coa teoría existente (43). Neste traballo existe relación entre a literatura utilizada na introdución e o problema plantexado.
- Credibilidade ou autenticidade: Refírese á veracidade dos resultados (43). Este criterio cúmprese, xa que se realizou unha transcripción das entrevistas aos participantes no estudo, e as categorías emerxeron a través da triangulación levada a cabo pola investigadora e titoras.
- Transferibilidade ou aplicabilidade: Consiste na posibilidade de transferir os resultados a diferentes contextos (43). Cúmprese este criterio xa que se levou a cabo unha descrición tanto da mostra coma de todo o proceso de intervención e do contexto no que se levou a cabo.
- Confirmabilidade: Fai referencia á veracidade das descrições realizadas polos participantes (43). Garántese a través das transcripcións textuais citadas anteriormente e coa descrición do rol do investigador no traballo.
- Relevancia: Consiste na coherencia entre a xustificación e os obxectivos, así como na obtención de resultados que contribúan ao coñecemento (43). Este criterio viuse cumprido, xa que os obxectivos plantexados foron cumpridos, e o estudo aportou nova información.

Fomentando a Ocupación a través das Escolas Deportivas Inclusivas

Ademais, como se comentou previamente, cada usuario foi anonimizado mediante un código para a exposición dos resultados. Así, o código dos menores identifícase cunha “U” de usuario e un número (por exemplo U001), os pais cunha “P” de proxenitor e con dous números, un que o identificará como pai ou nai (“1” para as nais e “2” para os pais) e o número final será o mesmo que o dos nenos (por exemplo P011 para indicar que nos referimos á nai do usuario número 1. Os irmáns contarán tamén co seu propio código, que estará representado por “Ir”, un número que representa o sexo (“1” para sexo feminino e “2” para masculino) e outro que indique se o irmán é maior ou menor que o usuario do estudo (“1” se o irmán é maior e “2” se o usuario é maior) (por exemplo Ir111 para indicar que é a irmá maior do usuario 1). Finalmente asignouse a letra “I” para a investigadora principal.

Os métodos de recollida identifícanse con “DC” para o diario de campo, “EI” para a entrevista inicial e “EF” para a final.

5. Resultados

5.1. Resultados cuantitativos

5.1.1. Características da mostra e datos sociodemográficos

Os participantes nas Escolas Deportivas Inclusivas foron 10, dos cales un deles non cumpría os criterios de inclusión debido á idade. Por outra banda, destácase que un dos nenos abandonou a actividade, polo que non se puido incluír como participante no estudo.

A mostra final foi de 8 rapaces, dos cales o 87,5% eran nenos e o 12,5% nenas. As idades oscilaban de 5,39 a 13,88, cunha media de 8,66 anos (DS=3,39).

En canto á súa procedencia, a metade viñan dun ambiente rural e a outra metade de urbano, mentres que o 62,5% tiñan como domicilio principal un piso e o 37,5% unha vivenda unifamiliar. A media dos membros que compoñen a unidade familiar é de 3,63.

O 62,5% dos nenos participaba en actividades extraescolares, e o 50% realizaba actividades nas que se relacionaba con outros nenos.

Finalmente, o 75% dos participantes no estudo presentaba algún tipo de discapacidade, dos que 2 de eles estaban escolarizados nun centro de educación especial. Ademais, o 62,5% realizaban outras terapias.

Se analizamos a diferenza de medias da variable idade coa proba U de Mann Whitney, atópase que existe diferenza significativa ($p < 0,05$) con respecto á escolarización e á presenza de discapacidade, xa que os participantes con maior idade acoden a centros de educación especial e presentan discapacidade.

No resto de variables sociodemográficas non se atopan relacións significativas.

A continuación expóñense os resultados obtidos na análise das ferramentas de valoración utilizadas.

5.1.2. Resultados das etapas de desenvolvemento evolutivo

Neste apartado móstranse os resultados obtidos na valoración coa Guía Portage antes e despois da intervención (Táboa 1). Na táboa podemos ver as 5 categorías da guía e a idade de desenvolvemento inicial e final de cada participante para cada categoría.

Táboa II. Resultados da Guía Portage

Código	Idade desen.	Comunic./ Linguaxe/ Lectoesc.	Desen. Socio-Emoc.	Explor./ Aproxim. Aprendiz.	Actividade Motriz Intencion.	Organizac. Sensorial
U01	Inicial	18-36 ms	18-36 ms	18-36 ms	18-36 ms	18-36 ms
13,38	Final	18-36 ms	18-36 ms	18-36 ms	18-36 ms	18-36 ms
U02	Inicial	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos
8,04	Final	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos
U03	Inicial	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos
5,82	Final	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos
U04	Inicial	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos
6,52	Final	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos
U05	Inicial	18-36 ms	3-4 anos	3-4 anos	5-6 anos	5-6 anos
10,01	Final	18-36 ms	3-4 anos	3-4 anos	5-6 anos	5-6 anos
U06	Inicial	3-4 anos	3-4 anos	3-4 anos	5-6 anos	3-4 anos
6,24	Final	3-4 anos	3-4 anos	3-4 anos	5-6 anos	3-4 anos
U07	Inicial	3-4 anos	3-4 anos	3-4 anos	3-4 anos	3-4 anos
13,88	Final	3-4 anos	3-4 anos	3-4 anos	3-4 anos	3-4 anos
U08	Inicial	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos
5,39	Final	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos	5-6 anos

Abreviaturas: Desenvolv.: Desenvolvemento, Comunic.: Comunicación, Lectoesc.: Lectoescritura, Socio-Emoc.: Socio-emocional, Explor.: Exploración, Aproxim.: Aproximación, Aprendiz.: Aprendizaxe, Activid.: Actividade, Intencion.: Intencional, Organizac.: Organización, Sens.: Sensorial, ms: meses.

Tras a análise dos resultados obtidos coa Guía Portage comprobouse que a idade de desenvolvemento dos nenos non sufriu modificacións importantes respecto ao comezo da actividade, pero si que se produciron cambios nalgúns ítems no 62,5% dos nenos, sendo todos eles positivos.

Dentro do porcentaxe de mellora, o 80% foron nenos con discapacidade e o 20% sen discapacidade.

Fomentando a Ocupación a través das Escolas Deportivas Inclusivas

A continuación enuméranse os ítems, dentro de cada área, para os que se obtivo mellora ao longo da intervención:

- Área de comunicación/linguaxe/lectoescritura: Comparte experiencias e pertenzas cós pares; fai bromas sinxelas.
- Área de desenvolvemento socio-emocional: Coopera con peticións dos adultos a maioría das veces; espera de 3 a 5 minutos para que se satisfagan as súas necesidades; participa en actividades estruturadas nun grupo pequeno de 10 a 15 minutos; xoga brevemente con 1 a 3 nenos, compartindo materiais e segue as regras imitando accións de outros nenos; comparte con outros nenos, con apoio de adultos; escoita e contribúe ás conversacións dos adultos; expresa dereitos e necesidades; fai amigos con nenos de forma independente; programa en forma habitual, participa no traballo en grupo ou en xogos deportivos cós seus compañeiros; comparte experiencias e pertenzas cós pares e fai bromas sinxelas; negocia situacións, con outros nenos contando cun mínimo apoio do adulto; fala positivamente de sí mesmo; participa no traballo en grupo ou en xogos deportivos cós seus compañeiros; programa en forma habitual e traballa colaborativamente con 3 a 5 nenos en función dunha meta común; resolve problemas a través dunha exploración activa, incluíndo ensaio-erro, e interaccións e discusións con outros; adopta a maioría das regras relacionadas co trato aos demais, o coidado dos materiais e o comportamento.
- Área de exploración/aproximación cara o aprendizaxe: Resolve problemas a través dunha exploración activa, incluíndo ensaio-erro, e interaccións e discusións con outros; pode observar, describir e discutir sobre o mundo natural, especies vivas e procesos naturais; adecúa o seu nivel de actividade de acordo ás diferentes situacións; mantense atento ás actividades por períodos longos de tempo.

- Área de actividade motriz intencional: Mostra progreso en forza, resistencia e flexibilidade cando está no campo de xogo e utilizando o seu equipamento.

É destacable que a área na que se produciron máis cambios nos seus diferentes ítems foi a de desenvolvemento socio-emocional, en contraposición coa de organización sensorial, na que non se manifestaron cambios.

Cabe destacar que a idade de desenvolvemento dos nenos non mellora tras a mellora dos diferentes ítems xa que pasan de non ter capacidade a realizalos ocasionalmente ou de realizalos ocasionalmente a sempre ou case sempre.

Por outra banda, a pesares da mellora nalgúns dos ítems, non teñen a capacidade ou habilidade para levar a cabo os ítems da seguinte idade de desenvolvemento.

5.1.3. Resultados da avaliación de condutas non verbais

Neste apartado móstranse os resultados obtidos coa valoración do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Táboas da 2 á 7). Nas táboas, distribuídas por categorías, podemos ver os ítems de cada categoría coa puntuación obtida antes e despois da intervención.

Táboa III. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de distancia corporal)

Cód.	DISTANCIA CORPORAL					
	Respecta a distancia interper. cos seus compa. (Inicial)	Respecta a distancia interper. cos seus compa. (Final)	Respecta a distancia interper. con profes. (Inicial)	Respecta a distancia interper. con profes. (Final)	Respecta a distancia interper. con desco. (Inicial)	Respecta a distancia interper. con desco. (Final)
U01	Si	Si	Ás veces	Ás veces	N.O	N.O
U02	Non	Ás veces	Non	Ás veces	N.O	N.O
U03	Si	Si	Si	Si	N.O	N.O
U04	Si	Si	Si	Si	N.O	N.O
U05	Ás veces	Si	Ás veces	Si	N.O	N.O
U06	Ás veces	Ás veces	Ás veces	Ás veces	N.O	N.O
U07	Si	Si	Ás veces	Ás veces	N.O	N.O
U08	Si	Si	Si	Si	N.O	N.O

Abreviaturas: Cód.: Código, Interper.: Interpersoal, Compa.: Compañeiros, Profes.: Profesionais, Desco.: Descoñecidos, N.O: Non observable

Táboa IV. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de contacto ocular)

Cód.	CONTACTO OCULAR					
	Estab. cont. ocular cando inicia a comun. (Inicial)	Estab. cont. ocular cando inicia a comun. (Final)	Resp. con cont. ocular durante a comun. (Inicial)	Resp. con cont. ocular durante a comun. (Final)	Este cont. ocular supón unha dificulta de na comun. (Inicial)	Este cont. ocular supón unha dificultad e na comun. (Final)
U01	Ás veces	Ás veces	Ás veces	Ás veces	Non	Non
U02	Si	Si	Ás veces	Si	Non	Non
U03	Si	Si	Ás veces	Si	Non	Non
U04	Ás veces	Ás veces	Ás veces	Ás veces	Non	Non
U05	Si	Si	Si	Si	Ás veces	Ás veces
U06	Si	Si	Ás veces	Si	Non	Non
U07	Si	Si	Si	Si	Non	Non
U08	Si	Si	Si	Si	Non	Non

Abreviaturas: Cód.: Código, Estab.: Establece, Cont.: Contacto, Comun.: Comunicación, Resp.: Responde

Táboa V. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de contacto físico)

Cód.	CONTACTO FÍSICO					
	Perm. o conta. físico en situac. de apren. (Inicial)	Perm. o conta. físico en situac. de apren. (Final)	Axúdase na comuni. con contactos físicos (Inicial)	Axúdase na comuni. con contactos físicos (Final)	Interfire a comuni. con contactos físicos (Inicial)	Interfire a comuni. con contactos físicos (Final)
U01	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U02	Si	Si	Si	Si	Si	Ás veces
U03	Si	Si	Ás veces	Ás veces	Non	Non
U04	Si	Si	Ás veces	Ás veces	Non	Non
U05	Si	Si	Si	Si	Ás veces	Ás veces
U06	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U07	Si	Si	Si	Si	Ás veces	Ás veces
U08	Si	Si	Si	Si	Non	Non

Abreviaturas: Cód.: Código, Perm.: Permite, Conta.: Contacto, Situac.: Situacións, Apren.: Aprendizaxe, Comuni.: Comunicación

Táboa VI. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de aparencia persoal)

Código	APARIENCIA PERSOAL					
	Coida a súa imaxe externa (corpo. e vest.) (Inicial)	Coida a súa imaxe externa (corpo. e vest.) (Final)	Presenta unha aparenc. externa acorde coa situación na que está (Inicial)	Presenta unha aparenc. externa acorde coa situación na que está (Final)	É dirixida a súa aparenc. persoal (Inicial)	É dirixida a súa aparenc. persoal (Final)
U01	Ás veces	Ás veces	Si	Si	Si	Si
U02	Ás veces	Ás veces	Si	Si	Si	Si
U03	Ás veces	Ás veces	Si	Si	Si	Si
U04	Ás veces	Ás veces	Si	Si	Si	Si
U05	Non	Non	Si	Si	Si	Si
U06	Non	Non	Si	Si	Si	Si
U07	Ás veces	Ás veces	Si	Si	Si	Si
U08	Si	Si	Si	Si	Si	Si

Abreviaturas: Corpo.: Corporal, Vest.: Vestido, Aparenc.: Aparencia

Táboa VII. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de postura)

Cód.	POSTURA					
	Xira o seu corpo en actit. de escoi. cando alguén se dirixe a el (Inicial)	Xira o seu corpo en actit. de escoi. cando alguén se dirixe a el (Final)	Xira o seu corpo para dirix. a outra persoa (Inicial)	Xira o seu corpo para dirix. a outra persoa (Final)	Facilita a incorp. de outro compañeiro ao grupo (Inicial)	Facilita a incorp. de outro compañeiro ao grupo (Final)
U01	Ás veces	Ás veces	Si	Si	Non	Non
U02	Ás veces	Ás veces	Si	Si	Ás veces	Si
U03	Ás veces	Si	Ás veces	Si	Ás veces	Si
U04	Ás veces	Ás veces	Ás veces	Si	Ás veces	Ás veces
U05	Si	Si	Si	Si	Ás veces	Ás veces
U06	Ás veces	Ás veces	Si	Si	Ás veces	Si
U07	Si	Si	Si	Si	Non	Non
U08	Si	Si	Si	Si	Si	Si

Abreviaturas: Cód.: Código, Actit.: Actitude, Escoi.: Escoita, Dirix.: Dirixirse, Incorp.: Incorporación

Táboa VIII. Resultados do Cuestionario de Condutas Non Verbais en Centros de Atención a Persoas con discapacidade Psíquica Moderadamente Afectada (Categoría de expresión facial)

Código	EXPRESIÓN FACIAL			
	Correspóndense os xestos cós sentimentos que quere expresar (Inicial)	Correspóndense os xestos cós sentimentos que quere expresar (Final)	Mantén actitude inexpresiva (Inicial)	Mantén actitude inexpresiva (Final)
U01	Ás veces	Ás veces	Non	Non
U02	Si	Si	Non	Non
U03	Ás veces	Si	Non	Non
U04	Si	Si	Non	Non
U05	Si	Si	Non	Non
U06	Si	Si	Non	Non
U07	Si	Si	Ás veces	Ás veces
U08	Si	Si	Non	Non

Tras a análise dos resultados, podemos apreciar que se atoparon cambios nalgúns dos ítems de todas as categorías, sendo todos estes cambios positivos. Pola contra, na categoría de aparencia persoal, non se rexistra ningunha modificación nos participantes.

O porcentaxe de nenos/as dos que se rexistra melloría nalgún dos ítems é do 50%, dos que o 75% presentan discapacidade.

5.1.4. Resultados da avaliación de condutas verbais

A continuación expóñense os resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Táboas da 8 ás 11). Nas táboas pódense ver os ítems do cuestionario coa súa puntuación antes e despois da intervención.

Fomentando a Ocupación a través das Escolas Deportivas Inclusivas

Táboa IX. Resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Parte I)

Cód.	Inicia a comunic. (Inicial)	Inicia a comunic. (Final)	Mantén a comunic. (Inicial)	Mantén a comunic. (Final)	Finaliza a comunic. (Inicial)	Finaliza a comunic. (Final)
U01	Non	Non	Non	Non	Non	Non
U02	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U03	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U04	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U05	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U06	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U07	Non	Non	Non	Non	Non	Non
U08	Si	Si	Si	Si	Si	Si

Abreviaturas: Cód.: Código, Comunic.: Comunicación

Táboa X. Resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Parte II)

Cód.	Expresa sentimen. (Inicial)	Expresa sentimen. (Final)	Realiza petic. (Inicial)	Realiza petic. (Final)	Responde ás petic. de outros (Inicial)	Responde ás petic. de outros (Final)
U01	Si	Si	Non	Non	Si	Si
U02	Non	Non	Si	Si	Si	Si
U03	Non	Non	Si	Si	Non	Si
U04	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U05	Non	Non	Si	Si	Si	Si
U06	Si	Si	Si	Si	Non	Si
U07	Non	Non	Non	Non	Si	Si
U08	Si	Si	Si	Si	Si	Si

Abreviaturas: Cód.: Código, Sentimen.: Sentimentos, Petic.: Peticións

Táboa XI. Resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Parte III)

Código	Da unha negativa ou di que non (Inicial)	Da unha negativa ou di que non (Final)	Acepta unha negativa (Inicial)	Acepta unha negativa (Final)	Sabe escoitar de maneira activa (Inicial)	Sabe escoitar de maneira activa (Final)
U01	Non	Non	Si	Si	Non	Non
U02	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U03	Si	Si	Non	Si	Non	Si
U04	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U05	Si	Si	Non	Si	Non	Si
U06	Si	Si	Non	Si	Non	Si
U07	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U08	Si	Si	Si	Si	Si	Si

Táboa XII. Resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada (Parte IV)

Cód.	Descúlp. (Inicial)	Descúlp. (Final)	Segue instruc. (Inicial)	Segue instruc.s (Final)	Participa en activid. (Inicial)	Participa en activid. (Final)
U01	Non	Non	Si	Si	Si	Si
U02	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U03	Si	Si	Non	Si	Si	Si
U04	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U05	Si	Si	Si	Si	Si	Si
U06	Si	Si	Non	Si	Si	Si
U07	N.O	N.O	Si	Si	Si	Si
U08	N.O	N.O	Si	Si	Si	Si

Cód.: Código, Descúlp.: Descúlpase, Instruc.: Instrucións, Activid.: Actividades, N.O: Non observable

Tras a análise dos resultados do Cuestionario de Condutas Verbais para Persoas con Discapacidade Psíquica Moderada, compróbase que se produciron cambios nun número reducido de ítems, sendo todos positivos. Os ítems nos que se rexistran modificacións, e polo tanto, melloras son:

- Responde ás peticións de outros; acepta unha negativa; sabe escoitar de maneira activa e segue instrucións.

Neste caso, a porcentaxe de participantes que melloran nalgún ítem é dun 37,5%, sendo o 66,66% nenos que presentan discapacidade.

5.1.5. Resultados da avaliación do test de Xogueteo Adaptado

A continuación móstranse os resultados obtidos na ferramenta de Xogueteo Adaptado. Nas táboas (Apéndice VI) pódense ver os diferentes ítems inicial e final puntuados, cada un dos cales se pode presentar medindo diferentes aspectos: Duración, intensidade e habilidade.

Tras a análise de resultados desta ferramenta, obsérvase que se rexistraron cambios positivos en certos ítems e que os restantes se mantiveron sen variación. É dicir, non houbo retroceso en ningún deles. Así, as variables da escala para as que se percibiron móstranse na táboa XIII:

Táboa XIII. Variables nas que existe mellora no test de Xogueteo Adaptado

Véase seguro

Demostra obvia exuberancia. Manifesta alegría

Trata de superar dificultades, barreiras ou obstáculos para persistir cunha actividade

Involúcrase en travesuras ou comente unha infracción menor das regras implícitas ou explícitas (duración, intensidade e habilidade)

Activamente modifica a complexidade e/ou as demandas da actividade

Involúcrase nos aspectos do proceso da actividade

Incorpora obxectos ou outras persoas no xogo en formas variables pouco convencionais, creativas, imaxinativas ou novedosas

Involúcrase en desafíos (motor, cognitivo ou social) (duración e intensidade)

Negocia con outros para satisfacer necesidades ou desexos

Xoga con outros

Xoga interactivamente con outros (duración e habilidade)

Asume o rol de líder (duración e habilidade)

Entra a un grupo que xa está involucrado nunha actividade

Inicia o xogo con outros

Pallasea

Comparte cousas de xogo, equipo de xogo

Bromea ou búrlase con outros (verbal ou non) (duración, intensidade e habilidade)

Da claves faciais e corporais apropiadas á situación e que din "Así é como debes actuar hacia min"

Responde ás claves verbais ou corporais de outros (duración e habilidade)

Mantén cohesión do marco de xogo

Neste caso no 100% dos nenos comprobouse a existencia de melloría en algúns dos ítems, no referente á valoración do xogo.

5.1.6. Resultados secundarios de interese

Como información obtida de interese, previa exposición dos resultados cualitativos, destácase que, tras a avaliación final e as entrevistas realizadas aos pais, pódese afirmar que o 87,5% dos proxenitores viron cumpridas as súas expectativas con respecto á actividade (este aspecto será detallado na parte de análise cualitativa), e o 100% considera positiva a participación dos nenos na actividade.

Por outra banda, tamén se considera relevante destacar que o 62,5% dos pais tiñan coñecemento previo da figura do terapeuta ocupacional.

5.2. Resultados cualitativos

Tras a análise dos discursos obtidos nas entrevistas realizadas aos pais dos menores, extraéronse diferentes categorías, que foron complementadas e corroboradas coas notas rexistradas no caderno de campo:

Motivación para elixir e participar na actividade de forma activa

Os motivos dos pais para apuntar aos nenos nesta actividade foron moi diversos, e gardan relación tanto con aspectos da propia proposta deportiva como con factores da vida diaria dos nenos e das familias. Os motivos concretados polos proxenitores foron:

- Atención personalizada.
- Posibilidade de poder realizar unha actividade deportiva á vez.
- Especialización do persoal.
- Encaixe có horario e planificación familiar.
- Normalización da discapacidade.
- Diversidade dos participantes.
- Oportunidade para a inclusión.
- Interese dos nenos en actividades deportivas.

“Para que se relacionara, porque en otra actividad de niños que no tengan problemas es muy difícil que él pueda seguir un ritmo, entonces esta me daba la oportunidad de que iban estar pendientes de ellos y hay más monitores que una actividad normal y la opción de que vinieran niños sin problemas para que ellos espabilaran más” – P012.

“Pues porque demostraba cierto temor hacia personas con rasgos diferentes desde que van en silla de ruedas, hasta gente que se le notaba algo en la cara o hablaba de manera diferente o se comportaba de forma diferente tenía miedo” – P013.

“Yo me suponía que yo iba hacer otra actividad al mismo tiempo entonces bien, en ese sentido vale, en el otro sentido por la atención personalizada” – P016.

“Por la experiencia que tengo, aunque la inclusión sea muy bonito en la palabra, sino estas con los profesionales adecuados, no es viable en ningún momento, entonces ya no por motivos de seguridad sino para que el niño se sienta a gusto y que el profesional llegue a aportarle lo que él necesite durante la actividad, con lo cual que los profesionales estuvieran aquí fue fundamental” – P017.

O valor de participar nas Escolas Deportivas

Foron valorados positivamente diferentes aspectos en relación á participación dos nenos nesta actividade, tanto en relación aos resultados da mesma como no referente ao trato brindado aos nenos polos profesionais.

- Consecución da inclusión.
- Exercicio en beneficio do desenvolvemento.
- Os nenos con discapacidade integran progresivamente aos nenos sen discapacidade.
- Dedicación do tempo necesario a cada neno por parte dos profesionais.

Fomentando a Ocupación a través das Escolas Deportivas Inclusivas

- Soporte do persoal para atender ás demandas individuais dos participantes.
- Adaptación dos nenos ao entorno, aos monitores, aos compañeiros e á dinámica das sesións.

“Valoro que los monitores tengan mucha paciencia, porque para trabajar con estos niños tienen que tener mucha paciencia, y que los pocos niños que hay sin diversidad funcional, pues que se adaptan bien” – P011

“Que los niños con discapacidad se acostumbren también a como son los niños que no la tienen” – P013.

“Pero lo que más valoro de la actividad son esas tres cosas, la integración que hay, las vivencias que está teniendo [...] , que creo que son espectaculares [...]y que yo tenga una hora para mí” - P018.

Rol e contribución profesional do terapeuta ocupacional

Ao comezo da actividade non todos os pais coñecían a figura do terapeuta ocupacional ou tiveran contacto con este profesional anteriormente. Sen embargo, tras a explicación e a visualización do traballo realizado cos nenos, as opinións sobre as aportacións desta figura profesional foron variadas e positivas:

- Habilidades e competencias para traballar cos nenos.
- Posibilidade de atopar solucións ós problemas de mobilidade.
- Orientación aos nenos para sacar o mellor de si mesmos (empoderamento).
- Coordinación có profesional deportivo para o correcto funcionamento da actividade.
- Coñecemento de diferentes terapias e recursos aplicables durante as sesións.
- Aportación de tranquilidade e seguridade.
- Orientación aos pais.
- Traballo coa autonomía.

- Coñecemento e especialidade no ámbito.

“A mí me aporta tranquilidad cuando está con la terapeuta, yo creo que aparte de un monitor de tiempo libre es bueno que haya un terapeuta por el tema de las posturas por si hay algún niño con problema de movilidad” – P011.

“Para que cada niño de lo mejor de sí, al fin y al cabo está el para orientarlo” – P013.

“Cuanto más personal especializado mejor, no solo en esta actividad, [...] debía haber en todos lados, mínimo uno. Es que nosotros nos encontramos muchas veces que hay gente que es muy amable pero dicen “yo no sé cómo tratar”, pero si hubiese alguien que supiese, “mira pues intenta llevarlo por ese lado por otro lado”, alguien que tenga una idea, aquí veo que sí” – P025.

“Me parece que hibridar lo que es el profesional de educación física con la terapia ocupacional aquí es fundamental. No creo que la terapeuta sola hiciese la actividad para lo que realmente está desarrollado el proyecto, que es el deporte inclusivo, y creo que el profesional del deporte solo tampoco sería capaz de encajar todas esas piezas si no tuviese un terapeuta ocupacional, con lo cual creo que es el híbrido perfecto” – P017.

Expectativas respecto ós nenos

As expectativas que os pais tiñan sobre a contribución da actividade sobre diferentes aspectos da vida dos nenos estaban relacionadas, fundamentalmente, co ocio, a inclusión e mellora das capacidades dos seus fillos. As expectativas que presentaban resúmense nas seguintes:

- Pasalo ben, participar nunha proposta divertida.
- Posibilidade de ter relación con outro nenos.
- Normalización e perda de medo á discapacidade.
- Aumentar a seguridade dos nenos en si mesmos.
- Aprendizaxe.

Fomentando a Ocupación a través das Escolas Deportivas Inclusivas

- Afrontamento de novos retos.
- Mellora do desempeño do xogo.

“Estar con otros niños y aprender cosas, que algo siempre aprenden, supongo que sí, a él le vendrá bien” – P022.

“Espero que el niño que el niño llegue a ver la discapacidad como algo normal, que no tenga ningún problema para relacionarse con estos niños ni los mire de manera diferente ni los trate de manera diferente” – P013

“Pues una que interactúe él más con niños y otra que él se sienta más seguro a la hora de hacer algunas cosas” - P014.

“Pues espero que venga aquí y lo pase bien, que esté entretenido y sobre todo que esté con más niños, que esté con más gente” – P025.

Aportación á vida dos nenos

Segundo os pais, os efectos da actividade coa vida dos nenos relacionábase sobre todo, có seu estado de ánimo, é dicir, percibían que nenos estaban máis contentos e motivados trala actividade. Pero tamén observaron unha mellora no seu xeito e capacidade de relacionarse con outros nenos:

- Aumento das relacións dos nenos.
- Aprendizaxe de cousas novas.
- Posibilidade de facer exercicio sen ter en conta a discapacidade.
- Motivación.
- Alegría.
- Tranquilidade e relaxación.
- Ganas de compartir experiencias.
- Respecto.
- Convivencia, comunicación e interacción.

“Él lo pasa bien, viene todo contento. Tiene muchas ganas de llegar, solo sale de casa y dice vamos a piscina a jugar, va muy contento todos los días, va para el hospital ese día pensando en volver para aquí” – P022.

“Está haciendo ejercicios y cosas que le sirven para el desarrollo de él, para controlar que es un poco torpón, que son digamos específicos que aunque esté integrado con otros le van a venir bien para su desarrollo físico” – P016.

“Los primeros días no quería venir, en cambio ahora está acostumbrada a ver a otros niños que no sea su hermano, que tienen distintas discapacidades o distintas capacidades y cada vez viene más contenta y se siente más útil y entiende más a los otros niños” – P018.

Expectativas e aportacións na vida dos pais

As expectativas dos pais pódense agrupar en 3 núcleos temáticos que se relacionaban cun tempo de respiro familiar, co progreso dos nenos e coa aprendizaxe e visualización da discapacidade:

- Respiro familiar.
- Tranquilidade.
- Progreso dos nenos.
- Aprender sobre a discapacidade e as diferentes capacidades dos nenos.
- Visualización e normalización da discapacidade.

Por outra banda, para os pais, a participación na actividade tamén xerou aportacións positivas, relacionadas maioritariamente có tempo libre e a desconexión durante o período da actividade:

- Respiro familiar.
- Tranquilidade.
- Relación con nenos con discapacidade e os seus pais.
- Ser conscientes da independencia dos fillos.
- Práctica deportiva con pais e nais participantes na actividade.

“Esto también nos está enseñando también a nosotros, claro, porque aunque no lo hagamos con mala intención, a veces pecamos de ingenuos o de sorprendernos de lo que pueden lograr hacer estos niños precisamente por la discapacidad que tienen, que digan o hagan determinadas cosas y es muy triste que tenga que sorprenderte eso, y yo me estoy dando cuenta de todo eso” – P013

“Lo que más nos gusta es que tomen tiempo con él, o sea que le dediquen tiempo” – P014.

“A mí con que aporte a la del ya aporta a la mía, es que para los padres si él está contento y veis que él mejora y se desarrolla más fácil, empieza a captar pausa o normas y él está bien, nosotros estamos bien también” – P016.

“[...] De esa manera yo puedo conciliar y en esta hora pues dedicarla a mí, que creo que también es importante” – P017.

Coñecemento do club e da actividade

Os medios para chegar a actividade foron moi diferentes. En xeral, a difusión realizouse a través do boca a boca, por outros pais que xa coñecían o club, e tamén mediante outras actividades deportivas que o Club Enki levou a cabo:

- A través de outros pais.
- Como socios fundadores.
- Redes sociais.
- Nas instalacións da piscina.
- A través de diferentes actividades deportivas de Enki.

“Nosotros ya oyéramos hablar de la carrera famosa de Coruña, entonces a raíz de ahí, fue cuando bueno conocimos a través de la página web o algo así que habían formado esto” – P025.

“Yo voy al IES [...] y vino Enki. Después de un tiempo papá vio la actividad aquí por casualidad” – Ir114.

Observacións

Finalmente, os aspectos destacados polos pais unha vez rematada a actividade e preferencias para vindeiras ocasións, destacan 2 aspectos fundamentais, que se relacionan coa continuación do seu desenvolvemento no próximo curso, e co aumento da participación de nenos sen discapacidade, tanto procedentes de Arteixo como doutros lugares. Ademais tamén se evidencian aspectos relacionados directamente con trato do persoal cós nenos e coa súa especialización.

- Preferiblemente aumentar o número de nenos sen discapacidade
- Continuación da actividade
- Aumento do número de actividades inclusivas noutros lugares
- Persoal atento e cariñoso
- Tranquilidade de que os nenos están ben atendidos e as súas necesidades cubertas

“...Me gustaría que hubiese más niños sin diversidad funcional, que hubiese más inclusión” - P011.

“Necesitamos esta actividad más, muchas más y que la experiencia es para repetir” – P017.

Por outra banda, durante o tempo que durou a intervención, fóronse recollendo nun diario de campo aspectos relevantes sobre a actitude dos nenos durante a súa participación na actividade, o seu comportamento e as súas relacións tanto entre iguais como cós monitores.

Ao comezo, os nenos xogaban de forma independente sen relacionarse entre eles, e tiñan dificultades á hora de seguir ordes.

“U001 non participa se non se está con el, non interactúa cós demais; de igual xeito U007 non participa se non ten apoio. U005 participa

individualmente, e ante negativas enfádase, berra e corre. U003 tamén presenta dificultades á hora de aceptar negativas, ignorando as ordes e incumprindo as normas. U006 participa pouco e ten berrinches, tamén tira do pelo a U008”. – I. Anotacións do DC con data 10/01/2017.

“U001 presenta dificultades no desenvolvemento de actividades con moito movemento e ri cós estímulos cara el. U002 busca en todo momento estar acompañado e en contacto físico de algún compañeiro ou monitor; cústalle seguir as ordes. U004 soamente se relaciona cós monitores, obedece as normas. U005 non se relaciona cós compañeiros, cústalle respectar os tempos e algunhas ordes e actúa de forma impulsiva. U006 quítase diferentes prendas e tíraas ao chan e empuxa a algúns compañeiros”. – I. Anotacións do DC con data 25/01/2017.

Un tempo despois de comezar as observacións, rexistrouse a primeira interacción grupal entre os participantes: A partires de ese momento algúns dos nenos comezaron a relacionarse entre si en certos momentos das sesións.

“[...] Nalgún momento todos os asistentes interaccionan á vez e fan grupo a excepción de U005 (Non acoden á sesión U001, U007 e U008). – I. Anotacións do DC con data 26/01/2017.

“U001 ri ao rodar por unha colchoneta e ao escoitar aos seus compañeiros animalo, non realiza actividades sen axuda e atende a ordes sinxelas. U002 está bastante participativo, e interacciona con iguais e monitores, ás veces non segue as normas e sae dos xogos. U004 relaciónase cós iguais e sobre todo cós monitores, é participativo e segue normas. U005 comeza a interaccionar cos membros do grupo, moi participativo pero ás veces non segue as normas. U006 é participativo, pero non segue normas nin instrucións, chama a atención e empurra a algúns compañeiros. U007 participa con axuda pero a penas interacciona. U008 Relaciónase sobre todo cós monitores, participa e segue normas”. - I. Anotacións do DC con data 07/012/2017.

“U001 ri ante accións dos seus compañeiros e actitudes propias, atende a ordes simples e interactúa con monitores a través de caricias. U002 relaciónase con monitores e compañeiros, ás veces empuxa e reclama atención, é participativo, pero ás veces evádese dos xogos. U003 participa activamente nos xogos, interacciona cós seus iguais e os monitores e presenta unha menor oposición ás normas. U004 A súas relacións son sobre todo cós monitores, pero ás veces tamén con algún compañeiro, en ocasións pega e xoga en solitario. U005 participa activamente e relaciónase cós monitores”. I. Anotacións do DC con data 09/03/2017.

Coa chegada dun participante novo á sesión os rapaces manifestaron interese por el:

“Coa chegada do neno novo U002, U003, U004, U005 e U006 achéganse a coñecelo, presentarse e facerlle preguntas”. - I. Anotacións do DC con data 16/03/2017.

Cada vez os nenos ían respectando mellor as normas e relacionándose máis tanto entre eles como cós monitores.

“U001 busca a interacción cós monitores e participa con apoio. U002 e U004 participan e están todo o tempo xuntos, ás veces saen dos xogos e van por libre. U003 axuda nalgúns xogos a U001 para que poida participar e interacciona cós compañeiros e os monitores. U005 participa e segue as normas, relaciónase pouco cós compañeiros. U006 participa e relaciónase con compañeiros e monitores, pero ás veces segue reclamando atención e saltando as normas”. - I. Anotacións do DC con data 18/05/2017.

Tal e coma se puido observar, o desenvolvemento continuado de actividades lúdicas e inclusivas dirixidas especificamente a nenos con diversidade funcional ten un efecto positivo tanto nos propios infantes coma nos seus pais.

Os resultados presentados previamente amosan unha notable vinculación dos nenos coa actividade (indicándose un crecente interese por asistir ao longo das semanas). A este feito hai que engadirlle os beneficios relacionados cunha maior actividade física, maior adaptación dos nenos ao contexto e participación social, así coma unha promoción da súa motivación e benestar xeral.

Por outra banda, os efectos positivos da actividade tamén se perciben nos pais e titores destes. Dende a posibilidade dun respiro (coma consecuencia de deixar aos seus fillos nun entorno de seguridade) ata a percepción de maior autonomía e disfrute nos nenos, o desenvolvemento das actividades do Club están a producir sendos beneficios no entorno familiar do neno.

En conclusión, as reflexións obtidas ao longo da presente investigación confirman a notable melloría no benestar e calidade de vida dos propios nenos e familiares.

6. Discusión

Este estudo levouse a cabo para comprobar a efectividade dunha actividade deportiva e lúdica sobre o desenvolvemento dos nenos, as súas habilidades no xogo e as súas relacións interpersoais, entre iguais e cos monitores da actividade. Por outra banda, tamén se intentaron coñecer as expectativas dos pais en canto á actividade, a satisfacción cos resultados tras o desenvolvemento do curso e sobre a terapia ocupacional.

6.1. O valor dos datos: Interpretación da información cuantitativa

Tras a obtención dos resultados, o primeiro que chama a atención é o reducido número de participantes nesta actividade, que pode ser debido ás canles de difusión utilizadas, á localización xeográfica da actividade ou a outros motivos como certos factores sociais que comentaremos a continuación. Este aspecto contrasta co observado noutros estudos (19-22, 44-46) nos que o número de participantes é superior, ademais de contar cun grupo control.

Resulta chamativa tamén a alta proporción de participantes de xénero masculino fronte o feminino. Descoñécese a causa desta variación, pero pode estar relacionada cunha cuestión cultural da perspectiva de xénero, na que tanto a educación, coma os roles e as actividades desempeñadas por cada xénero son diferentes (19, 47). Por este motivo, é posible que ao tratarse dunha actividade deportiva, os nenos teñan maior preferencia por participar nela que as nenas. Estes datos concordan cós obtidos e investigacións previas (19, 22, 44, 46) nas que se da esta mesma circunstancia, e se observa que as nenas teñen unha menor asistencia en actividades deportivas, cunha menor participación nas mesmas.

A maioría dos participantes presentaban discapacidade. Ao tratarse dunha actividade inclusiva, estaba plantexada para nenos con e sen discapacidade, pero a baixa participación de nenos sen esta condición

pode estar relacionado con aspectos culturais, como a discriminación á que se ven sometidas as persoas con discapacidade (3,4), o que reforza a idea da necesidade de iniciativas inclusivas. Na revisión de outros traballos (19, 22, 44-46) observouse que varias das actividades e intervencións estudadas non teñen carácter inclusivo, é dicir, os individuos que forman parte da mostra de estudo son participantes con algún tipo de limitacións, aínda que se atoparon referencias (44) nas que participan persoas sen discapacidade como grupo control. Soamente un estudo dos revisados ten carácter inclusivo (21)

A relación atopada neste estudo entre a idade e a presenza de discapacidade débese a que en todos os rangos de idade hai participantes con discapacidade, pola contra, os participantes sen discapacidade son os nenos máis pequenos asistentes á actividade. Unha posible relación para esta situación poden ser a construción e concepción social da discapacidade (3,4), que fan que os nenos segundo van medrando, vaian formando os seus propios prexuízos e non queiran participar en actividades inclusivas. Outra posibilidade é que có paso do tempo vaian tomando preferencia por actividades máis específicas, sexan ou non deportivas. Esta última afirmación vese respaldada có atopado en outros artigos (19, 22, 44), nos que se evidencia que có aumento da idade cronolóxica e da maduración, a práctica de actividades físicas vese reducida.

Finalmente, a relación atopada entre a idade e a escolarización especial garda relación có exposto no parágrafo anterior, é dicir, todos os nenos de maior idade presentan discapacidade, que é un factor determinante para a elección deste tipo de escolarización.

En canto á análise dos resultados obtidos na Guía Portage, obtívose melloría nalgúns ítems, pero non na idade de desenvolvemento dos nenos. Esta ferramenta utilizouse para valorar os posibles cambios experimentados polos nenos, pero os resultados obtidos neste aspecto non teñen relevancia estatística. Isto sucede porque a actividade non

pretendía mellorar a autonomía dos nenos, se non crear un espazo de ocio no que os participantes con calquera característica puidesen participar en igualdade de condicións.

Os datos derivados da aplicación do Cuestionario de Condutas Non Verbais mostran que as variacións producidas nas condutas dos nenos están relacionadas coa forma de responder á comunicación e coa integración de novos compañeiros ao grupo. No Cuestionario de Condutas Verbais, podemos ver que a melloría detectada está ligada á forma de relacionarse cos demais e responder á comunicación. Ambos cuestionarios gardan relación cos intereses centrais da actividade, que son a promoción da participación social e a inclusión entre nenos con e sen diversidade funcional. Do mesmo xeito, nun estudo realizado por Jorge Raga e Raquel González sobre a "influencia da práctica de deporte para la adquisición de habilidades sociales en los adolescentes" (46) móstrase que coa práctica deportiva, os rapaces mostran un menor retraemento social, menor timidez, maior consideración cos demais e maior capacidade de liderazgo.

Finalmente, con respecto aos resultados obtidos no test de Xogueteo Adaptado, podemos ver que, en xeral, mellora a participación dos nenos nos xogos, a capacidade para xogar con outros, e a súa seguridade no desenvolvemento das diferentes actividades, o que lles permitiu involucrarse en maiores retos, xeralmente colaborativos.

6.2. O valor das palabras: Análise da información cualitativa

En relación á vertente cualitativa, pretendíase coñecer as expectativas dos pais respecto á actividade realizada, tanto sobre os seus fillos como sobre eles mesmos. Ademais, considerouse importante valorar o seu coñecemento sobre a figura e rol do terapeuta ocupacional, así como a necesidade da súa inclusión como parte do equipo profesional das

sesións. Tras a análise de resultados podemos afirmar que estes obxectivos foron cumpridos.

Entre os motivos para a elección da actividade, como se viu no apartado de resultados, primaban aspectos de accesibilidade, conciliación e tranquilidade para os pais; aspecto que se relaciona coa dificultade de acceso a actividades para nenos con algún tipo de diversidade. Isto concorda coas barreiras expresadas polos proxenitores de nenos con discapacidade no artigo de Must, Phillips, Curtin e Bandini (22), o que repercute na proporción de tempo que os nenos dedican á realización de actividades de ocio e deportivas.

O aspecto máis valorado polos pais respecto á participación nas Escolas Deportivas foi a inclusión, o que permitía desenvolver unha actividade accesible para todos na que nenos con e sen discapacidade participasen en igualdade de condicións, e que a discapacidade se normalizase. Este aspecto vese apoiado polos resultados obtidos no campus inclusivo de baloncesto levado cabo por Javier Pérez, Carmen Ocete, Gema Ortena e Javier Coterón (21), no que a medida que se levaba a cabo a intervención, a condición de discapacidade ía perdendo importancia nas relacións dos participantes e diminuíron os prexuizos.

A pesares de que a figura do terapeuta ocupacional non era coñecida pola totalidade das familias que acudiron á actividade, finalmente todos valoraron moi positivamente a súa participación na actividade e a necesidade de que o terapeuta forme parte do equipo de traballo en actividades coma esta. Isto ten sentido debido a que xa que as súas habilidades e competencias profesionais lle permiten aplicar estratexias facilitadoras cara o trato cos nenos, e os recursos precisos para adaptar os espazos e as actividades necesarias para unha participación inclusiva (32).

As expectativas que os pais tiñan sobre os beneficios que aportaría a actividade á vida dos nenos, víronse cumpridas. Entre estas atopábanse

“pasalo ben”, alcanzar a inclusión e a normalización da discapacidade, aumentar a confianza en si mesmos etc. Estes aspectos, como xa se comentou anteriormente, foron conseguidos coa intervención desenvolvida ó longo dos meses de actividade, tal e como se evidencia nos traballos consultados, como o de Ekeland, Heian, Hagen, Abbott, e Nordheim ou o de Raga Díaz, e Rodríguez González (45, 46).

Do mesmo xeito, os pais formularon expectativas para si mesmos, como a posibilidade de ter un tempo de respiro e tranquilidade e nalgúns casos, aprender e normalizar a discapacidade. Estas expectativas tamén se ven cumpridas, xa que algúns dos aspectos valorados foron a tranquilidade percibida, derivada da presenza e control por parte dos profesionais que levaban a actividade, polo que este tempo podía ser aproveitado na realización de diferentes actividades para seu. Ademais, ao mesmo tempo que os nenos se atopaban nas sesións, o club puxo a disposición dos pais unha proposta para que puidesen realizar exercicio en grupo. Por outra banda, como as instalacións permitían ver a sala dende o corredor de acceso á mesma, os pais podían ver aos seus fillos e aos demais nenos dende fóra, o que permitiu que puideran comprobar os seus avances.

Os medios polos que se coñeceu o club foron as redes sociais, a través de actividades organizadas polo club, nas instalacións da piscina e por medio de outros pais (o boca a boca). Como xa se comentou anteriormente, pode que os medios de difusión fosen unha das causas da baixa participación da actividade, polo que resultaría interesante estudar outros medios de difusión.

Finalmente como observacións feitas polos pais, atopamos o seu interese en continuar coa actividade, aumentando se fose posible o número de participantes sen discapacidade, e a necesidade da creación de máis propostas de lecer e espazos inclusivos. Esta última apreciación corrobórase coa escasa bibliografía atopada sobre o tema.

6.3. Limitacións do estudo

Como limitacións deste estudo podemos atopar en primeiro lugar que a mostra é moi reducida, polo que resultou complexa a aplicación de certas probas estatísticas, sendo difícil extrapolar a efectividade da intervención á poboación xeral, ademais de non contar cun grupo control para a comparación de resultados.

Por outra parte, tamén se considera como factor limitante a baixa participación de nenos sen discapacidade na actividade. Isto representa un sesgo no traballo, xa que a actividade plantexouse dende unha perspectiva inclusiva na que se esperaba a participación dun maior número de infantes sen diversidade funcional, aspecto que tamén influíu nos resultados obtidos. Por iso, considérase necesario contar cunha mostra máis numerosa e cunha maior proporción de nenos sen discapacidade participantes.

Outra limitación atopada é a elección das ferramentas de valoración. A pesares de valorar os aspectos desexados nos diferentes ámbitos, non mostran cambios de forma significativa, o cal dificultou a análise cuantitativa dos resultados. Isto puido estar determinado tamén polo escaso tempo transcorrido entre a avaliación inicial e a final. Para isto sería útil facer un estudo máis amplo de diferentes ferramentas de valoración e contar cun período de intervención máis longo.

Finalmente, apréciase tamén como limitación non ter en conta as perspectivas dos diferentes monitores da actividade nas avaliacións a través dunha aproximación cualitativa. A súa visión, complementaríase ós resultados obtidos coas ferramentas de valoración, ó discurso dos pais e ó diario de campo. Neste sentido, sería interesante incluír, en posteriores aproximacións, e máis completo realizar entrevistas aos profesionais que traballan na actividade e a planifican a fin de coñecer as súas perspectivas en canto á proposta das Escolas Deportivas e á valoración sobre os nenos.

6.4. Futuras liñas de investigación

Tendo en conta os resultados positivos obtidos, a presenza de certas limitacións na investigación, e a escasa bibliografía atopada sobre actividades deportivas inclusivas e os seus beneficios considérase fundamental seguir investigando sobre o tema. Para isto, suxírese realizar posteriores estudos con mostras de maior tamaño, que permitan a obtención de resultados extrapolables e sexan representativas da poboación xeral, tendo en conta tamén a perspectiva dos profesionais involucrados no proceso.

Por outra banda, sería interesante realizar intervencións deste tipo noutros ámbitos, como o educativo, ou outros contextos naturais, para comprobar a súa efectividade en diferentes contornos e/ou diversas áreas da vida dos nenos.

7. Conclusión

Tras a obtención e análise de toda a información comentada previamente podemos concluír que:

- A actividade ten un lixeiro efecto positivo en certas áreas de desenvolvemento dos nenos.
- A intervención realizada mediante a práctica deportiva e o xogo, contribúe de maneira significativa na adquisición e mellora das habilidades sociais dos participantes.
- Os menores beneficianse coa súa participación nas Escolas Deportivas mellorando as súas habilidades no desenvolvemento do xogo.
- As expectativas dos pais sobre a actividade víronse cumpridas, tanto as expresadas respecto aos nenos como as expresadas sobre si mesmos.
- A figura do terapeuta ocupacional non é amplamente coñecida entre as familias de nenos sen discapacidade. Sen embargo, ó ter máis información sobre o seu rol, os pais consideran necesaria a súa implicación como parte do equipo profesional.
- Para garantir a posibilidade de acceso a actividades deportivas para persoas con discapacidade, neste momento é necesario o apoio institucional, como o brindado polo Club Inclusivo Enki.
- De xeito global, a participación nas Escolas Deportivas Inclusivas, xunto coa intervención nas mesmas dun terapeuta ocupacional, presenta un beneficio tanto para a participación social e o equilibrio ocupacional dos nenos como dos seus pais.

8. Agradecementos

Á miña directora, Thais Pousada García, por acompañarme nestes anos, ser mestra e mentora e ensinarme moito máis que simples coñecementos. Por non perder a paciencia nos momentos de baixo rendemento, ou por perdela pero non deixarme nunca soa. Por confiar en min e ver todas as miñas capacidades antes de facelo eu mesma, por animarme sempre e motivarme a seguir loitando cando as cousas pintaban feas.

Á miña titora, Andrea Alonso Cadavid, por confiar en min e neste traballo, por acompañarme neste proceso tan duro e enriquecedor a partes iguais.

A todos os profesores que me acompañaron durante toda a miña vida, que contribuíron a que hoxe sexa a persoa que son, que me formaron e alentaron a perseguir soños. Aos do grao, que me formaron para traballar no que desexo.

A meus pais, pilar fundamental da miña vida. Por inculcarme os valores que hoxe teño e por confiar en que a decisión que estaba a tomar era a axeitada. Sen eles todo isto non sería posible. Grazas por todos os vosos sacrificios para que nunca nos faltase de nada e puidésemos cumprir os nosos soños.

A meu irmán, por ser o primeiro e facerme sempre o camiño máis sinxelo. Por apuntar alto e soñar grande. Por demostrar que con esforzo todo se pode conseguir. Por converterme na irmá máis orgullosa do mundo con cada nova ilusión.

A meus curmáns, por ser máis que iso. Por ser os mellores compañeiros de historias e de vida, medrar xuntos e ser parte indispensable da miña vida. En especial a Alba e Joaquín, por toda a axuda sempre. Por acollerme na casa calquera día, a calquera hora, durante o tempo que fose necesario e por rematar converténdose en fogar. Sen vós, este proceso sería moito máis duro e menos divertido; é marabilloso contar con familia coma vós preto. Ao resto da miña familia, polos ánimos, a

confianza e o apoio sempre. Por permanecer unidos a pesares dos malos momentos e remar sempre na mesma dirección. Aos meus avós, por seguir sendo sempre a pesares de non estar.

Aos meus amigos. Aos de sempre, porque nin a distancia nin o tempo puido con todos os anos compartidos. Por ser e estar, polo apoio nos momentos duros, por dividir as penas e multiplicar as alegrías, polos momentos bos e por todas as experiencias compartidas xuntos. Aos que viñeron despois, por cada momento, polo apoio e as risas, por ser apoio nos momentos duros e camiñar ao meu lado, sexa preto ou lonxe.

A Xoel e Ana, por todos os anos vivindo xuntos e compartindo 24/7, polos malos momentos e polos bos, por cada historia e aventura. Por recollerme en cada caída e acompañarme en cada logro. Por axudarme a chegar ata aquí.

Aos meus compañeiros de promoción, xa que a pesar dos momentos malos, xuntos puidemos con todo e, sen todos vós, esta etapa non tivese sido a mesma. Deséxovos sorte en todo o que veña.

A todas as asociacións, centros, organizacións, etc., que confiaron en min para desenvolver prácticas e voluntariado, formarme e darme experiencia. Todo o aprendido en cada lugar marcóme de diferentes xeitos e axudóme e axudárame a converterme na profesional que soño con ser.

A Pablo, por ser un dos primeiros en confiar en min nesta aventura e pola súa axuda sempre. A Jessica, polos ánimos, a honestidade e as risas. Por seren ambos grandes compañeiros dentro e fora do ámbito académico-profesional.

Aos nenos e pais que confiaron en min para facer este traballo. Sodes unha parte fundamental do mesmo. Sen vós non sería posible nin tería sentido.

A Isma e Raquel, por ser compañeiros infatigables das sesións, por aprender xuntos a funcionar como un equipo e a desenvolvernos cós

pequenos terremotos de todas as semanas. Polas risas, os bailes, os xogos e todas as experiencias compartidas neste ano (e as que virán).

A toda a familia ENKI, por permitirme desenvolver este traballo con eles. Por compartir millóns de experiencias diferentes, e por demostrarme que cando algo se fai con ilusión e paixón todo se pode conseguir e o traballo máis duro se ve recompensado. Por animarme a perseguir os soños por moi tolos que parezan, e demostrarme unha vez máis que unidos somos máis capaces e máis fortes.

9. Bibliografía

1. World Health Organization. The International Classification Functioning, Disability and Health. Geneva: WHO; 2001.
2. Comunidad de Madrid. Guía para conseguir una prevención de riesgos laborales inclusiva en las organizaciones [Monografía en Internet]. Madrid: Consejería de empleo, turismo y cultura; 2010 [22/01/2017]. Disponible en: <http://www.madrid.org/bvirtual/BVCM010763.pdf>
3. Aparicio Ágreda ML. Evolución de la conceptualización de la discapacidad y de las condiciones de vida proyectadas para las personas en esta situación. En: Berruezo Albéniz MR, Conejero López S. El largo camino hacia una educación inclusiva: la educación especial y social del siglo XIX a nuestros días: XV Coloquio de Historia de la Educación. Pamplona: Universidad Pública de Navarra; 2009. P 129-138.
4. Albert Gómez MJ, García Pérez Calabuig M. Los discapacitados y el pleno desarrollo de sus derechos humanos. En: Albert Gómez MJ, García Pérez Calabuig M. La educación en derechos humanos a través del ciberespacio. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces; 2011. p 159-201.
5. Rodríguez Díaz, S. Más allá de la discapacidad: reflexiones en torno a la relatividad de la organización sensorial. Revista Española de Discapacidad [Revista en Internet] 2013 [23/01/2017]; 1 (2): p 51-58. Disponible en: <http://riberdis.cedd.net/bitstream/handle/11181/4011/M%C3%A1s%20all%C3%A1%20de%20la%20discapacidad.pdf?sequence=1&rd=0031642209793089>
6. Cáceres Rodríguez C. Sobre el concepto de discapacidad. Una revisión de las propuestas de la OMS. Revista Electrónica de Audiología [Revista en Internet] 2004 [23/01/2017]; 2(3): p 74-77. Disponible en: <https://www.scribd.com/document/322812922/SOBRE-EL-CONCEPTO-DE-DISCAPACIDAD-UNA-REVISION-DE-LAS-PROPUESTAS-DE-LA-OMS-pdf>

7. Cayo Pérez-Bueno L. Discapacidad y exclusión social en la Unión Europea. Tiempo de cambio, herramientas para el cambio [Monografía en Internet]. Madrid: CERMI; 2003 [15/07/2017]. Disponible en: <http://www.cermi.es/es-ES/ColeccionesCermi/Cermi.es/Lists/Coleccion/Attachments/46/7Exclusion.pdf>
8. Xunta de Galicia. Instituto Galego de Estatística [Sede Web]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2016 [30/01/2017]. Disponible en: <https://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>
9. Instituto Galego de Estatística [Sede Web]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2015 [30/01/2017]. Poboación discapacitada por grupos de idade. Galicia [1]. Disponible en: [http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2077&R=1\[all\]&C=0\[2015\]&F=&S=998:12&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2077&R=1[all]&C=0[2015]&F=&S=998:12&SCF=)
10. Instituto Galego de Estatística [Sede Web]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2015 [30/01/2017]. Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2016 [1]. Disponible en: [http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=6266&R=991\[15030\];3\[all\];4\[2015\]&C=0\[all\];2\[all\]&F=&S=&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=6266&R=991[15030];3[all];4[2015]&C=0[all];2[all]&F=&S=&SCF=)
